



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Dna. JEANETT LÓPEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE (PONTEVEDRA)

CERTIFICA:

QUE a o Pleno do Concello de Cerdedo-Cotobade na súa sesión ordinaria de data 01.12.2020 adoptou o seguinte **ACORDO** por unanimidade dos membros presentes:

5. Expediente 1588/2020. SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DA COMPATIBILIDADE PARA EXERCICIO DE ACTIVIDADE PRIVADA DIEGO LÓPEZ

A Alcaldía da conta do ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Cultura, Patrimonio, Educación, Deportes, Medio Ambiente, Medio Rural e Interior, en data 23.11.2020 por unanimidade dos seus membros “Visto que presenta solicitude D. Diego López González con DNI número 53.178.424D, por rexistro xeral o día 18.09.2020 con número de rexistro 2020-E-RC-588 solicitando o recoñecemento da compatibilidade como persoal desta administración para o desempeño de actividades privadas na empresa Marexada, Deporte, Lecer e Cultura, SL.

Visto que D. Diego López González é persoal laboral do Concello de Cerdedo-Cotobade.

Visto que se realizou a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría de data 18.11.2020, proponse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Declarar a incompatibilidade para o desempeño da actividade privada proposta por D. Diego López González con DNI número 53.178.424D, cando esta garde calquera relación con este Concello, ao atoparse o solicitante prestando servizos como empregado público e desempeñando funcións relacionadas directamente coa actividade empresarial. Permitir a realización da segunda actividade solicitada cando a mesma non garde ningún tipo de relación con este Concello.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao interesado

O Sr. Alcalde explica que se trata de resolver unha solicitude dun traballador para compatibilizar o seu traballo con outra actividade.

O Sr. Filgueira manifesta que as actuacións que realizará o solicitante coa empresa privada será fora do ámbito deste Concello, polo que atópase dacordo.

A Sr. Garrido atópase dacordo.

Sometido a votación, o pleno por unanimidade dos seus membros adopta o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Declarar a incompatibilidade para o desempeño da actividade privada proposta por D. Diego López González con DNI número 53.178.424D, cando esta garde calquera relación con este Concello, ao atoparse o solicitante prestando servizos como empregado público e desempeñando funcións relacionadas directamente coa actividade empresarial. Permitir a realización da segunda actividade solicitada cando a mesma non garde ningún tipo

de relación con este Concello.

P3600048G





CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao interesado.”

E para que conste emito a presente co visto e praxe do Sr. alcalde en Cerdedo-Cotobade, na data reflectida na marxe.

O alcalde
Jorge Cubela López

A secretaria Accidental
Jeanett López Fernández

P3600048G

